

A large, abstract splash of red ink or paint, resembling a jellyfish or a cloud of smoke, occupies the left side of the image. It has various bulbous and elongated shapes, with some trailing lines, set against a plain white background.

UNHA PRODUCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

SHAKESPEARE EN ROMA

a partir de textos de William Shakespeare



XUNTA
DE GALICIA

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Centro Dramático Galego

Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 881 867 229

centro.dramatico.galego@xunta.gal

www.centrodramatico.gal

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg.salonteatro](https://www.instagram.com/cdg.salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)

Comunicación. Agadic

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092

prensa.agadic@xunta.gal

www.agadic.gal

 [agadic](https://www.facebook.com/agadic)

UNHA PRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

SHAKESPEARE EN ROMA

a partir de textos de William Shakespeare



Índice

<i>Estamos en guerra pero hai que reflexionar</i> , Fran Núñez.....	05
<i>Da práctica</i> , Rui Madeira.....	07
<i>Unha viaxe inzada de incertezas</i> , María Barcala e Xúlio Lago.....	11
<i>Demostrar para poder ser</i> , Sara Rey.....	13
<i>Unha cantiga para crianzas</i> , Quico Cadaval.....	15
Ficha artística.....	16
Funcións.....	17
Sinopses.....	18
Dramaturxia.....	20
O elenco.....	26
O equipo artístico.....	36



Estamos en guerra, pero hai que reflexionar

Fran Núñez | Director do Centro Dramático Galego

As guerras empezan por nada pero acaban con todo. Volveu a guerra ao corazón de Europa, se cadra, nunca marchou. Se cadra simplemente ollamos para o outro lado. Igual que co resto das guerras no mundo. *Shakespeare en Roma* é unha reflexión sobre o ser humano, sobre a guerra, sobre nós. Toca reflexionar sobre a recorrencia da guerra, a loita polos recursos, a loita polo poder. Shakespeare tomou, ao longo da súa vida, catro motivos inspirados na Roma clásica para falar do seu presente. Hoxe recuperamos eses textos, pasados polo ollar de catro dramaturgos e dramaturgas, pola man de cinco directores e directoras e polo corpo, a voz e a emoción de oito intérpretes para falarmos do noso presente. Recuperamos os clásicos, condensados: *Coriolano*, *Xulio César*, *Antonio e Cleopatra* e *Tito Andrónico* en pouco máis de dúas horas. Unha viaxe no tempo e no espazo, da Roma clásica, pasando polo período isabelino, para chegar ao noso presente.

Este é un proxecto no que todos saímos do noso lugar de confort, un desafío para o elenco, para os equipos artísticos e as institucións que participamos nel. Unha montaxe cunha dirección compartida e un elenco que tivo que facer un labor de virtuosismo escénico para pasar dunha personaxe a outra. Un equipo de luz, espazo sonoro e vestiario que tivo que unir as necesidades de cada un dos textos en diálogo cun espazo non convencional, pois saímos do Salón Teatro para ocupar o Salón Nobre de Fonseca, o corazón da Universidade de Santiago de Compostela. Saímos para relacionarnos co seu alumnado e coa sociedade, coas xeracións que serán o futuro do noso país e facémolo na universidade como sagrado espazo de reflexión.

Como dicían Os Resentidos: “Estamos en guerra, pero hai que reflexionar”. É tempo para iso.



Rui Madeira

DIRECCIÓN

Director da Companhia de Teatro de Braga. Director e actor. Membro do Comité Executivo da ETA, Eurasia Theater Association, estrutura que congrega representantes de 23 países de Europa e de Asia. Membro do Conselho Cultural do Município de Braga e... algunhas cousas máis.

Da práctica

Rui Madeira | Director *Coriolano*

Despois de máis de vinte anos de estreita colaboración co CDG (proxectos, coproducións, edicións, programacións, promoción de relacións internacionais etc.) e despois da coprodución *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* en 2021, dirixida por Fran Núñez e con elenco portugués, foi cando se me convidou para participar no proxecto *Shakespeare en Roma*, no que respecta ao texto *Coriolano*, ao que accedín con gran satisfacción.

Esta proposta implicou a adaptación, ou mellor dito, a redución do texto orixinal a un texto que, aínda que mantendo a palabra shakesperiana, obrigou necesariamente a un novo ollar dramatúrxico que soportase e dese coherencia a esa mesma redución, a través dunha clara proposta dramatúrxica que integra os últimos catro anos do meu traballo e do da Companhia de Teatro de Braga (CTB) sobre a temática de fronteiras (atendendo á situación en Europa e no mundo) e que, no caso de *Coriolano* se acentúa aínda máis, xa que asentamos o traballo sobre a realidade dos nosos días, coa bárbara invasión de Ucraína por parte de Rusia, contando ademais coa participación de Volodymyr Snegurchenko, dramaturgo e director ucraino que integra o proxecto *Stage, Home of the Word!!* baixo a responsabilidade da CTB e financiado polo noso mecenas, DST Group, que acolle dez artistas de teatro de Ucraína durante un ano. E así, máis alá da intriga dentro do poder e dos desexos inconfesables que rexen cada un deses círculos, a emerxencia da guerra, a inseguridade, a falta do trigo e do leite, a brutalidade máis gratuíta e asasina e os atropelos éticos e morais máis elementais sobre os pobos, son aquí neste *Coriolano*, coma en todas as guerras, a tristeza da nosa vida cotiá, algo que é preciso combater. Se este espectáculo serve para algo, que sirva para axudar á reflexión sobre o punto ao que chegamos.



María Barcala

DIRECCIÓN

Cofundadora de Teatro da Mari-Gaila (Santiago, 1979-1984) e Teatro do Atlántico (Culleredo, 1985). Desenvolve a súa carreira como actriz de escena, nestas e noutras compañías, dende o ano 1979 ininterrompidamente. Algún dos seus últimos traballos son *Libre coma os paxaros*, *Helena*, *xuízo a unha lurpia* ou *Dúas donas que bailan*.



Xúlio Lago

DIRECCIÓN

Director de escena, actor, iluminador. Desenvolve a súa actividade teatral en Esperpento. Teatro Joven (Vigo 1969-1974), Compañía La Picota (Madrid, 1974-1978), Teatro da Mari-Gaila (Santiago, 1979-1984), Teatro do Atlántico (Culleredo, dende 1985 até a actualidade). Dirixe diversos espectáculos para o Centro Dramático Galego, Talía Teatro, Teatro do Noroeste-Centro Dramático de Viana ou Lagarta Lagarta.



Unha viaxe inzada de incertezas

María Barcala e Xúlio Lago | Directora e director de *Xulio César*

Unha vez máis chega a nós o eco daquela definición feita polo gran mestre Peter Brook ao se referir ao labor da dirección de escena: “Unha viaxe dirixida por un guía que descoñece o camiño”. Unha sensación recorrente para algunha das persoas que exercemos este oficio. Volveu asomar no momento de aceptar formar parte do desafío escénico que é o proxecto denominado *Shakespeare en Roma* e asumir a proposta de pór en escena a versión reducidísima de *Xulio César*, unha das catro traxedias que conforman o espectáculo.

Aceptar o desafío é participar nunha viaxe inzada de incertezas, perigos, condicionantes e provocacións, e facelo coa ilusión, a esperanza e a confianza, talvez inxenua, de conseguir interesar e mesmo conmover o público. E sorprendelo, do mesmo xeito en que a nós sorprendeu a complexidade e a vixencia dos conflitos, dos comportamentos humanos e dos asuntos visitados por William Shakespeare nesta traxedia escrita en Inglaterra no remate do século XVI e na que trata a conspiración xestada en Roma no ano 44 a. C. que conclúe co asasinato de Xulio César.

O territorio da política, unha vez máis. O exercicio do poder, as loitas partidistas, a corrupción, a traizón, a envexa, a manipulación das masas e o populismo forman parte da paisaxe desta historia que, sen necesidade de subliñados nin ilustracións, nos presenta feitos, comportamentos e situacións que reflicten como un espello os tempos presentes, pois, lamentablemente, son activados por ese complexo conglomerado coñecido como “a condición humana”. Incluída a brutalidade dunha guerra que vai mudando a beleza dun territorio nun espazo sementado de morte, en infértiles terras tinxidas de vermello.



Sara Rey

DIRECCIÓN

Licenciada en Historia da Arte pola USC e en Dirección Escénica pola ESAD de Galicia. Fórmase dende nova na Cía. Noite Bohemia da Coruña. Traballa en dúas ocasións como axudante de produción na MIT de Ribadavia e é axudante de dirección de Títo Asorey en *A lúa vai encuberta* e en *Recortes, caneos e outras formas de driblar*. Funda ANCORAXE, a súa plataforma de teatro emerxente. Gaña o II Premio de Microteatro da Memoria da Deputación de Pontevedra e a ESAD de Galicia coa peza *A patente do sol*.

Demostrar para poder ser

Sara Rey | Directora de *Antonio e Cleopatra*

Así como Helena foi a culpable de desatar a guerra entre gregos e troianos, Cleopatra foi a responsable da caída dun dos xenerais máis grandes de Roma.

Ou iso nos contaron. A historia somete dende sempre as heroínas clásicas a xuízos sumarísimos onde o seu delito é reducido á cousificación sexual, mentres que a vítima é o home poderoso que se deixa enfeitizar e engaiolar pola sensualidade e os intereses da muller.

Con *Antonio e Cleopatra* o vivido no século IV a. C. e escrito no XVII non perde vixencia: non hai concesións coa protagonista. Unha vez máis, e de maneira dolorosamente contemporánea, unha muller poderosa é reducida ás súas relacións persoais e tachada de puta, embusteira, histérica e histriónica. Que costume tan malo o dos homes que, cando senten o orgullo ferido tras toparse cunha muller poderosa, tenden a desacreditala baseándose na súa sexualidade. Que costume tan malo o das mulleres que aceptan ser canal das frustracións dos homes que as rodean. Como lles chegou á exipcia e á isabelina, á muller contemporánea séguelle chegando a mensaxe de que para poder ser, primeiro debe demostrar.

Non sei se fun capaz de entender plenamente a Shakespeare e o que el quixo contar ao escribir *Antonio e Cleopatra*. Si que quixen entendelo dende a formulación que máis me atinxe. Si que penso que non é casualidade que *Antonio e Cleopatra* sexa a escollida para ser a primeira peza que escenifico de forma profesional. Si que sei que me podo identificar coa protagonista desta proposta, na persoa detrás da personaxe, na necesidade de demostrar para poder empezar a ser.



Quico Cadaval

DIRECCIÓN

Aprende teatro nos anos 80 con Xoán Cejudo. Escribe *Um código clandestino*. Nos 90 participa nas Ultranoites da NASA, na creación de Mofa&Befa e entra no mundo da narración oral. Adapta a Cunqueiro, é profesor na *Operação Triunfo* da RTP, dirixe *Noite de Reis* e forma parte de Excéntricas. Estrea con Mofa&Befa *Shakespeare para ignorantes*. En 2021 crea con Fernando Buíde a ópera *A sombra de Cristal*.

Unha cantiga para crianzas

Quico Cadaval | Director de *Tito Andrónico*

Tito Andrónico é unha das primeiras obras de Shakespeare e, sen dúbida, a que mostra máis mortes. A diferenza doutros baños de sangue concibidos polo autor, neste caso case todas as mortes se mostran en escena. Esta característica fixo que fose adorada polo público contemporáneo do autor e desprezada pola crítica dos séculos posteriores. Unha vella norma do teatro indicaba que as mortes debían facerse fóra de escena. Shakespeare foi flutuante con esta norma, nalgúns casos obedecía e noutros non, ás veces na mesma obra, na mesma escena. Arríncanlle os ollos a Gloucester á vista do público en *Lear*. Polo contrario, o asasinato de Clarence no *Ricardo* simbolízase afogando a vítima nunha pipa de viño. No *Tito Andrónico*, talvez por ser obra de xuventude, enche todo de cadáveres para estimular a asistencia do público. O lugar onde se actuaba acollera minutos antes espectáculos brutais de touros, osos e bulldogs. O cheiro a bravún impregnaba o ambiente e contribuía á experiencia teatral. Si, porque o público das touradas e os do teatro era o mesmo. A dramaturga Lorena Conde e mais eu asumimos o estimulante desafío de Fran Núñez: reducir *Tito Andrónico* a 32 minutos dentro do pastiche *Shakespeare en Roma*, acompañando outras obras “romanas” de Shakespeare. A brevidade da proposta obrigounos a reducir o número de crimes, por iso na nosa versión só poderemos contemplar nove mortes. Aproveitamos a crueldade e a inxenuidade de *Tito*, dúas calidades tan infantís, para facer unha cantiga para entreter crianzas. Quixemos poñer o acento, máis que nos feitos de sangue, nas relacións cos fillos. O trato familiar, os sentimentos de pais e nais, de fillas e fillos, son asunto frecuente do teatro. Andrónico mostra os fillos mortos como patrimonio do pai, como instrumento do seu éxito social. Sacrifica triunfante un fillo de Tamora. A dor materna leva a Tamora ao crime, á vinganza, sen saber que esa dor lle será servida en bandexa de prata. Finalmente, renace a esperanza. Aarón, un asasino sen escrúpulos, sente a tenrura da paternidade e salva o seu bebé. Unha historia tremenda, sanguenta e inverosímil, que fala do que nos preocupa a todos e todas dende que somos crianzas.

Ficha artística

SHAKESPEARE EN ROMA

CORIOLOANO

Dirección **Rui Madeira**

Dramaturxia **Volodymyr Snegurchenko**

XULIO CÉSAR

Dirección **María Barcala e Xúlio Lago**

Dramaturxia **Ana Carreira**

ANTONIO E CLEOPATRA

Dirección **Sara Rey**

Dramaturxia **Ana Abad de Larriva**

TITO ANDRÓNICO

Dirección **Quico Cadaval**

Dramaturxia **Lorena Conde**

Elenco

Xurxo Cortázar

Sheyla Fariña

Cris Iglesias

Rebeca Montero

Marcos Orsi

Fran Peleteiro

Santi Romay

Toni Salgado

Equipo artístico

Vestuario

Iluminación

Música e espazo sonoro

Asistencia de dirección

Asistencia de produción

Saturna

Juanjo Amado

Xosé Lois Romero

Keka Losada

José Díaz

Realizacións

Escenografía e *attrezzo*

Vestuario

Fotografías e vídeos

Deseño gráfico

Coordinación e corrección

de textos | Asesoría

lingüística

Accesibilidade LSE

Audiodescripción

Programa accesible

Equipo técnico do CDG

Equipo técnico do CDG

Miramemira

Trisquelia

Rosa Moledo

Los Últimos Teatro

ONCE

FADEMGA-Plena Inclusión

Centro Dramático Galego

Dirección

Producción

Secretaría de dirección

Xestión

Comunicación

Publicacións

Fran Núñez

Francisco Veiga

Susana Caamaño

Paula Agulló

Ana Miragaya e Ana

Rosales

Marcelina Calvo

Equipo técnico

Técnico de iluminación

Asistente de iluminación

Técnicos de son

Encargado de estrutura
escénica

Tremoiás

Auxiliar de imaxe e son

Encargado de talleres

Xastra

Limpeza

Juanjo Amado

Biqui Cabado

Antonio G. Budiño

e Guillermo Vázquez

Salvador Forján

Antonio Mayo, Óscar

Ortega, Xaquín Rei, René

Rodríguez, Suso Rodríguez

e Elixio Vieites

Juan Carlos Pacios

Fernando Rodríguez

María Negreira

Marisol Pérez

Agradecementos

José Manuel González Sanmartín, Isabel Novo, Concello de Lugo, Aleixandre Lago Barcala, Tito Asorey, Marcos Grandal, Roberto Salgueiro, Pilar Murias, Ruth Villar Latorre, Eduardo Fernández Abel, Carme Carreira Vázquez, Alejandra Ulla, Pedro Barja, Héctor Paleo Paz, Óscar Oubiña, Xabier Donato, Manuel María de Artaza, Óscar Parceró, Marta Casais, Cristina Martínez Tejero, Asociación Cohors III Lucensium e todos os que interviñeron e participaron nesta creación.

Funcións

Santiago de Compostela

Estrea

Xoves 9 de febreiro ás 19.00 h

Temporada no Salón Nobre de Fonseca

Do 9 de febreiro ao 2 de abril

Funcións

De mércores* a domingo

Horarios

Todos os días ás 19.00 h

*Funcións descontráidas

Unha sesión cunha atmosfera acolledora e con máis tolerancia respecto do ruído e movemento no patio de butacas. Cun prezo especial de 6 euros. Destinada ás persoas que buscan un ambiente máis relaxado que o dunha representación teatral ao uso, así como ás que poidan sentirse máis cómodas nese contorno, como aquelas con déficit de atención, deficiencia intelectual, espectro autista ou deficiencias sensoriais, sociais ou de comunicación.

Venda de entradas

Despacho de billetes no Pazo de Fonseca

Unha hora antes de cada función

Venda anticipada en liña

Ataquilla.com

Prezo das localidades

10 euros

Descontos

- 40 % Persoas estudantes, xubiladas, maiores de 65 anos, usuarias do carné xove, desempregadas, familias numerosas, grupos a partir de 10 persoas, xornalistas, profesionais das artes escénicas e membros da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC).
- 3x2 Se traes dúas persoas, invitámoste ao teatro. (Só no despacho de billetes do Salón Teatro).
- 40 % Día do Espectador (domingo): 6 euros.



Duración: 2 horas e 15 minutos.

Espectáculo recomendado para maiores de 16 anos.

Sinopses

CORIOLANO

Coriolano un déspota ilustrado? Un traidor á patria? Un impío Ditador? Un xeneral sanguinario? Ou só unha marioneta manexada polas hábiles mans da súa nai? Como se constrúe a democracia nos nosos tempos? E cal é o lugar dos pobos neste proceso? Onte e hoxe é cuestionamiento e o medo que nos frea, e mañá?

XULIO CÉSAR

Roma. No tempo da República.

Festas e xogos en homenaxe a César polo seu triunfo na última batalla contra Pompeio. Grupos de cidadáns diríxense cheos de ledicia ao lugar dos festexos e, con gran algarada, convidan a xente coa que atopan a deixaren os seus labores e sumárense á celebración.

Mais tamén hai sectores do Senado, seguidores de Pompeio, que non están conformes coa nova realidade política; estes recriminan aqueles cidadáns obrigándoos a retroceder e acusándoos de ingratitud por facer festa sobre o sangue de Pompeio, un líder a quen tempo atrás festexaban e agasallaban, mesmo enchendo de flores o seu paso.

Casio, Bruto, Decio e outros senadores, intercambian inquiredanzas comúns pola deriva que, segundo o seu parecer, está levando a César camiño dun tiránico exercicio do poder que podería culminar coa súa coroación e, consecuentemente, coa destrución da República.

A conspiración comeza a se sementar.

ANTONIO E CLEOPATRA

Tras o asasinato de Xulio César, o Triunvirato formado por Octavio César, Marco Antonio e Lépido goberna os territorios de dominio romano. Marco Antonio, deliberadamente alleo ao que sucede en Roma, pasa o tempo en Alexandría namorado de Cleopatra. A raíña será sinalada como a única culpable do abandono das obrigas políticas do seu namorado.

Cleopatra fará colisionar as súas vidas política e persoal para posicionarse como a figura de poder que é dentro dos conflitos nos que se sumen os Triunviros.

A vitoria inminente de César tras varias peripecias bélicas e a morte de Antonio levarán a Cleopatra a querer rematar coa súa vida pois, perdido o poder e perdido o amor, non se subxugará ao home de Roma.



TITO ANDRÓNICO

Andrónico, o heroico vencedor, regresa a Roma como acostuma: outra vitoria, sangue nas mans, un rico botín, un feixe de escravos e outros poucos fillos mortos para o panteón familiar. Media na elección de emperador, entrega a filla ao home que non ama, mata un de tantos fillos que lle restan e manda matar un prisioneiro luxoso, sen sospeitar que desata as iras da nai, Tamora, a raíña prisioneira dos godos. O que ven a seguir é a épica da vinganza, a estúpida senilidade de Tito, a violación de Lavinia, a morte da esposa, a execución dos fillos de Andrónico falsamente acusados. Roma chora a morte dos inocentes, se hai alguén inocente nesta historia. Os tempos desgónzanse, a orde é ameazada pola forza estranxeira e a podremia interior do imperio. Non vou contar como remata, porque todas estas historias rematan mal. Crime, absurdo, filicidio, canibalismo... e un leve raio de esperanza.

Dramaturxia





Volodymyr Snegurchenko

DRAMATURXIA | *CORIOLANO*

A relevancia de Shakespeare é inesgotable. Control do mundo e manipulación das masas humanas. Mundo feito de arxila de escultores. Quen esculpe a quen? Esculpe a xente ao goberno? Ou esculpe o goberno o que a xente ten que ser? E onde está o lugar da alma humana en todo isto? Pero só quen coñece as leis de como funciona este caos pode controlar o devandito caos.

Volodymyr Snegurchenko. Director, dramaturgo, actor e músico (Ucráina). En 2008 graduouse na Academia Estatal de Cultura de Kharkiv (Ucráina) na especialidade de dirección teatral. En 2015 obtivo un máster na Escola-Estudo de Teatro Artístico de Moscova (Rusia). Participante en numerosos festivais e concursos teatrais internacionais. Gañador de múltiples concursos internacionais de teatro. Participante do Laboratorio Internacional de Dramaturgos do Royal Court Theater de Londres (2011). Autor de 16 obras de teatro.



Ana Carreira

DRAMATURXIA | *XULIO CÉSAR*

Xulio César, alén dunha obra sobre conspiracións, asasinatos e crónica de guerra, é unha historia de ambicións e traizóns.

Nesta versión actualizada pola premisa da duración, susténtase a acción no poder das palabras, na súa capacidade de sedución e de adulación, na oratoria e na retórica.

Mentres Bruto, Casio, Decio, Octavio, Marco Antonio e César confabulan entre xustificacións de amizade, de xustiza, de amor á patria e de exaltación da honra, —para eludir os baleiros da elipse—, a Cronista, tan intemporal como inevitable nas batallas da humanidade contra si mesma, relata a memoria, os malos presaxios e a morte.

Ana Carreira. Graduada en Arte Dramática pola ESAD de Galicia, é actriz, narradora oral e dramaturga. Traballou como dramaturga para compañías como Vía 6, Limiar, Il Maquinario, Galeatro, Ítaca, Centro Dramático Galego e o seu grupo Ubú teatro. Acadou o IV premio Varela Buxán de dramaturxia, pola peza *Un intre antes do solpor* e o XII premio Manuel María de literatura infantil pola peza *Nin me amoles*.



Ana Abad de Larriva

DRAMATURXIA | *ANTONIO E CLEOPATRA*

Antonio e Cleopatra é un texto que incorpora múltiples capas, que xeran un bosque de texturas, fíos e sentidos; nun xogo co espazo e co tempo, coas luces e coas sombras da historia. Nel, Shakespeare ri do amor, da vida e da morte, ao mesmo tempo que os eleva como os grandes misterios que se agochan detrás da existencia humana. Mergullarse nel foi sentir o tacto das súas palabras orixinais e acariñalas, traducilas e achegalas, cortalas e coselas con moito agarimo, cos ollos pechados, cos ouvidos abertos e as mans estendidas, debuxando con elas unha nova travesía.

Ana Abad de Larriva. É actriz e dramaturga, titulada superior en Arte Dramática pola ESAD de Galicia, na especialidade de Interpretación Xestual; licenciada en Xornalismo pola USC e doutora en Comunicación pola UVigo. Como dramaturga, gañou o Premio Abrente con *A nunca vista* (2022); a bolsa de dramaturxia do CDG con *Bailar no ceo* (2022); o Premio de Microteatro da Memoria con *Un biolo na noite* (2021), e o Premio Roberto Vidal Bolaño con *A sombra das árbores* (2019).



Lorena Conde

DRAMATURXIA | *TITO ANDRÓNICO*

Dentro do estoupido gore dun *Tito Andrónico* —aínda non sabemos se paródico, auto paródico ou terriblemente descritivo dun recuncho do fígado humano—, están (veladas pola cortina de sangue) esa vella idea do heroísmo que se paga coa humillación do contrario, da honra que cobra a súa renda do corpo e a liberdade das mulleres e dunha xustiza arbitraria e confusa que se serve en quente no espeto dun ferro afiado.

Tito Andrónico é, para min, a caricatura acertadísima dunha sociedade fundada na violencia que non se decata que a espada que empuña cara adiante xa lle vén buscando o lombo nunha circunferencia ineludible.

Lorena Conde. É de Ponte Sampaio, aínda que nacer, naceu en Pontevedra (que era onde había hospital).

De cativa gustábanlle os papeis a feixes, os libros, e as ferramentas do taller do pai, que usaba ás agachadas. Igual por iso agora é dramaturga, directora de teatro, actriz, artista plástica, narradora e poeta. No escénico, escribe para compañías de teatro amador e profesionais e é cofundadora das compañías Matrioshka e A Feroz.



0 elenco





XURXO CORTÁZAR

Actor profesional dende 1996 cando comeza a traballar na compañía Migallas Teatro. Leva máis de 20 anos xirando por toda a península Ibérica en compañías especializadas en público infantil e familiar como Galitooon, Artestudio Teatro, Baobab Teatro, Os Monicreques de Kukus...

Combinou a interpretación con tarefas de produción e dirección artística en diferentes festivais e actividades como Domingos do Principal, Feira do Humor, Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra etc.

En 2017 produce e protagoniza o monólogo *Desconexión*, escrito e dirixido por Santiago Cortegoso.

En 2020 estrea *O Premio*, con La Quintana Teatro, polo que obtén o Premio Dorotea Bárcena ao mellor actor na 32 edición do FETEGA.

En 2021 estrea con Butacazero o espectáculo *32m*, co que resulta finalista ao premio ao mellor actor protagonista nos Premios María Casares.

En 2022 forma parte do elenco de *A Peste*, producida polo Centro Dramático Galego con dramaturxia e dirección de Cándido Pazó, e estrea *Backup, a resurrección de Nuno*, con De Ste Xeito Producións.

Durante todo este tempo segue formándose, realizando cursos con, entre outros, Joan Serrats, María del Mar Navarro e Andrés Hernández, Etelvino Vázquez, Andrés Lima, Andrea Jiménez e Noemí Rodríguez (Teatro en Vilo).



SHEYLA FARIÑA

Actriz de teatro, cine e televisión que comeza a súa carreira profesional en 2007.

É titulada en Arte Dramática pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia na especialidade de Interpretación Textual.

Puidemos vela en series como *Valderrei*, *Serramoura*, *Pazo de Familia* ou *Fontelba*, da TVG; en *Vidago Palace*, de RTTP e TVG; ou como protagonista da serie de TVE *Acacias 38*. O seu último proxecto cinematográfico é *Os espazos en branco*, de Bruno Arias.

Combina o seu traballo no audiovisual coa súa participación en proxectos teatrais como *Invisibles*, *Un home con lentes de pasta* ou *#2Pilgrims*, da compañía Redrum Teatro.

Ademais, ten experiencia como profesional da Pedagogía Teatral no ámbito da Animación Sociocultural e como docente na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.



CRIS IGLESIAS

Estuda no Conservatorio Profesional de Música da Coruña a especialidade de percusión, compaxinando a súa formación en diferentes estilos da danza. Titulada en interpretación textual pola ESAD de Galicia. Continúa a súa formación con mestres e mestras como Vicente Fuentes, Francesco Carril, Johnn Strasberg, Laila Rippol, Lorena Bayonas, Andrés Lima etc. Forma parte no espectáculo *Eroski Paraíso* que máis adiante é adaptada á gran pantalla baixo a dirección de Jorge Coira.

Dende o 2014, traballa en distintas series da TVG como *Urxencia Cero*, *Serramoura* ou *Pazo de familia*. En 2018 formou parte do elenco da serie *Fariña*, de Bambú. En 2019 estrea o espectáculo *Liberto de Marelás* e gaña o premio á mellor actriz no Festival Español Alcine de Alcalá de Henares como protagonista da curta *16 de decembro* de Álvaro Gago.

En 2020 estrea a serie *Auga Seca* de Portocabo para HBO, xira coa versión teatral de *Fariña* de Ainé e forma parte do filme *ONS* de Alfonso Zarauza. En televisión participou en series nacionais e internacionais como: *Fariña* e *Auga seca*, *Valeria*, *Desaparecidos*, *Nasdrovia* etc. Entre os seus traballos máis recentes destacan o espectáculo *Arte Sen Guión*, coprodución da compañía Galeatro e o CDG; o espectáculo *Fuenteovejuna, historia del maltrato*, unha coprodución da compañía Jóvenes Clásicos e o Teatro de La Abadía baixo a dirección de Marianella Morena; e a película *Un pasado por delante* de Olga Osorio, con estrea prevista para o 2023. Na actualidade, compaxina a súa carreira artística coa docencia teatral con grupos de mulleres dentro de programas de igualdade.



REBECA MONTERO

Licenciada pola Real Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid e con 37 anos de traxectoria profesional, desenvolveu a súa carreira tanto no teatro como en producións audiovisuais para cine e televisión.

No ámbito teatral traballou en máis de 17 espectáculos do CDG e noutros tantos en compañías privadas, así como en dous do Centro Dramático Nacional.

En 2009 recibiu o Premio María Casares á mellor actriz secundaria por *A boa persoa de Sezuán*, do CDG, e ao ano seguinte repetiu galardón pola súa interpretación no espectáculo *O segredo dos Hoffman*, da compañía Lagarta Lagarta. Obtivo ademais tres nomeacións por *Seis personaxes na procura de autor*, *Noite de Reis* e *O profesional*, todas obras do CDG.

Tamén conta cunha nomeación como mellor actriz de reparto aos premios Max de teatro polo seu traballo en *Tartufo* do CDG.

No audiovisual traballou en numerosas series galegas, como *Mareas vivas*, *A vida por diante*, *Matalobos*, *Néboa* ou *O sabor das margaridas*.

En 2022 formou parte do elenco de *A Peste*, producida polo CDG con dramaturxia e dirección de Cándido Pazó.



MARCOS ORSI

Comezou como actor nos anos 80 con Artes Livre, no seu São Paulo natal. Con esta compañía veu a Europa en 1986 e acabou afincándose en Galicia. Subiu ao escenario con diversas formacións teatrais, como Ollomol Tranvía, Excéntricas, Malasombra, Culturactiva, Contraproducións, Teatro do Aquí ou Bacana, ademais de co CDG.

Participou en varias series da Televisión de Galicia, entre as que destacan *Matalobos*, *A lei de Santos*, *Os Mariachi*, *O Nordés*, *As leis de Celavella* ou *A miña sogra e mais eu*, así como nalgúns episodios de diferentes títulos de Telecinco, como *El pacto*, *El comisario* ou *MIR*.

Tamén ten experiencia no ámbito cinematográfico, con papeis en *Os fenómenos*, *Unha muller invisible*, *O agasallo de Silvia*, *O lapis do carpinteiro* ou *Era outra vez*. Destaca ademais o seu labor como profesor de interpretación para cámara en Vozaudiovisual dende 2013.

Obtivo dous Premios Compostela, en 1992 como mellor actor secundario por *Un soño de verán* e, en 1994, como mellor actor protagonista por *Commedia*, *un xoguete para Goldoni*, así como o María Casares 2019 como mellor actor secundario por *Commedia*.



FRAN PELETEIRO

Comeza a súa andaina teatral nos 90 no teatro amador vigués (Lohengrín, Rueiro, Luar...). Funda e participa en varios grupos universitarios como Teatro Saraiba. Os seus primeiros traballos profesionais para a escena son en 2005 con *La Fura dels Baus*. Dende entón ten traballado para Leo Bassi, La Cubana, o CDG, A Factoría, Avento, EscénaTe, Lambriaca, Barceló... Licenciado en 2009 en Interpretación Textual pola ESAD de Galicia. Continúa formándose posteriormente con mestras como Carme Portacelli, Anxos Cuña, Will Keen, Quico Cadaval, Nuno M. Cardoso, en corpo con Arnold Taraborrelli, Cía. Circolando, Clara Ferrao, Tatjana Schuster e en canto con Regina Reguska e na Rock School Barbery de Burdeos.

No audiovisual actúa en filmes como *Invasor*, *O descoñecido*, *A praia dos afogados*, *Personal Movie*, *Tres días en abril*, *Outro máis*, entre outros; tamén en series como *Amar es para siempre*, *O Faro*, *Mongeville*, *Pazo de familia*, *Augasquentes*, *Matalobos*, *Aída* etc; ademais de en varias curtametraxes, documentais e proxectos audiovisuais diversos.

Crea e impulsa a primeira liga de improvisación de Galicia, a LIXA, en 2005, con máis de 100 participantes; así como o Festival de Teatro Emerxente Teatro á Feira, en 2013.

Como dramaturgo é autor de máis dunha ducia de textos dos que ten publicados *A casa de Grey Gardens*, *O caso da Rúa Travesa*, *Os Clocló*, *Xoguetes* (gañador do Premio Estornela), e *Señora Carme* (finalista do V Premio de Teatro Radiofónico). Tamén é autor xunto a Antela Cid do libreto do espectáculo *Galicia Caníbal: O Musical*.



SANTI ROMAY

Titulado en Pedagogía Teatral pola Universidade da Coruña, comezou a súa andaina profesional moi novo, na exitosa serie televisiva *Mareas Vivas*, á que seguirían *Matalobos*, *Auga seca*, *Os Atlánticos*, *Casa Manola*, *Serramoura*, *Malo será* e *Hospital Central*, entre outras.

Traballou tamén no cinema con directores como Ignacio Vilar, Héctor Carré ou Manuel Martín Cuenca.

Como actor de teatro participou en montaxes de recoñecidas compañías, como Producións Teatrais Excéntricas, Contraproducións, Ainé Producións ou Teatro do Andamio, ademais de nas obras *Xardín suspenso* e *A Peste* do Centro Dramático Galego.

Foi nomeado varias veces aos Premios María Casares, chegando a acadar os premios ao mellor actor protagonista e mellor actor secundario.



TONI SALGADO

Logo de iniciarse na Aula de Teatro da Universidade de Santiago, en *Os vellos non deben namorarse*, *O burgués xentilhome*, *Matanza*, *Apnea* ou *Hamlet*, seguiu a súa andaina con A Factoría Teatro en montaxes como *O canto do Dime-Dime*, *lesí Cebola contra a doutora Rabia Rabiña*, *Os homes só contan até tres*, *Castronós, o baile*; *Sr. Mundo, dígame?* ou *Alicia & Alicia*.

Traballou para Nordesía e Turgalicia no espectáculo-cabaré *Centolla T.V.* e con Ónfalo en *Na meta*, así como co CDG en *O regreso ao deserto* e *A boa persoa de Sezuán*. Recibiu o Premio María Casares a Mellor Actor Protagonista por *O principio de Arquímedes* de Teatro do Atlántico. Participou tamén con Ibuprofeno Teatro en *Raclette* e, como axudante de dirección, en *Invisibles*. Colabora habitualmente coa compañía independente Uttópico Teatro en teatro experimental.

Formouse con profesionais como John Strasberg, Andrés Lima, Thomas Leabherth, Iaroslav Bielski, Luís Iglesia, Massimo Malucelli, Claudi Faci, Natalia Mateo ou Fernando Piernas.

No audiovisual participou nas series *Escoba!*, *Piratas*, *Pratos combinados*, *Mar libre*, *Pazo de familia*, *Serramoura*, *A estiba*, *Néboa*, *El punto frío*, *O sabor das margaridas*, *El secreto de Puenteviejo*, *La casa de papel* e *Rapa* e nos filmes *Doentes* e *La sombra de la ley*, entre outros títulos.

Na actualidade complementa a súa formación con estudos de dirección escénica e dramaturxia na ESAD de Galicia.



0 equipo artístico





Saturna

VESTIARIO

Nace no 2003, co obxecto de ofertar servizos integrais en vestiario, estilismo de moda e asesoramento de imaxe. Dirixida por profesionais con acreditada formación e experiencia en deseño de vestiario para publicidade, cine, teatro e televisión.

LOLA DAPENA estudou Fotografía Artística e Deseño de Moda na Escola de Arte Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela. Logo dun período de prácticas na TVG e en Roberto Verino, guía a súa profesión como Figurinista para Cine e TV, especializándose en Costume Desing na Parsons School of Desing New York City en 1999.

ALICIA DAPENA é licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e especializada en Historia da Arte e en Museoloxía en 1994. Alicia impartiu docencia no Segundo Curso na Facultade de Belas Artes da Universidade Politécnica de Valencia na materia Introducción á Teoría da Arte. Curso 2000-2001.

Lola encargouse da disciplina Estilismo e Estética no Segundo Curso dos Estudos Superiores de Deseño Téxtil e Moda de Galicia, ESDEMGA. Facultade de Belas Artes da Universidad de Vigo.

Foron responsables da Dirección do Servizo de Asesoramento da Imaxe e Estilismo Integral para Televisión de Galicia en 2006-2007.

Na súa dilatada traxectoria realizaron numerosos traballos de vestiario: publicidade (Renfe, Movistar, Grupo Leite Pascual, Estrella Galicia, Gadis, Novacaixa Galicia, Jealfer, Caramelo); cine (*Cuñados, Ons, Los Fenómenos, Pedro y el Capitán, El Hombre de Arena, Hotel Tívoli, La noche que dejó de llover*); televisión (*Rapa* e *Hierro*); series de televisión (*Matalobos, Serramoura, Urxencia Cero, Luci, Pepe o inglés, Cuarto sen ascensor* e *Galicia Express*), de ámbito internacional (*The Avatars, Augaseca, El sabor de las margaritas, Vidago Palace, Hop!* e *Motel Valkirias*); TV movies (*Los hijos del sol, Entre bateas* ou o documental *O Camiño de Santiago, A Orixe*); teatro (*O charco de Ulises, Neorretranca e posmorriña —CDG—, O segredo dos Hoffman*). Gañadora dun Premio Mestre Mateo polo vestiario da longametraxe *Los muertos van deprisa* de *Angel de la Cruz*, Saturna foi finalista dos devanditos galardóns en numerosas ocasións.

Encárgase en cinco edicións do deseño de vestiario da Gala Premios da Academia Galega do Audiovisual.

Recentemente, Saturna deseñou o vestiario para *Argonautas*, a nova serie infantil de RTVE, a segunda tempada de *Rapa* para Movistar+ e a segunda tempada de *Los Enviados* de Juan José Campanella, con Portocabo TV e a produtora argentina 100 Bares para Paramount+.



Xosé Lois Romero

MÚSICA E ESPAZO SONORO

É un dos nomes fundamentais na evolución da música galega nas últimas décadas.

Acordeonista, percusionista, compositor, produtor, divulgador e docente a partes iguais, a súa traxectoria está vinculada a algúns dos nomes e momentos máis destacados da historia recente da música en Galicia, que inclúen dende os seus propios proxectos (Lelia Doura, Nova Galega de Danza, Vaamonde, Lamas e Romero, a Cada Canto, Grupo de Música Tradicional da Agadic, AccordTrio, Aliboria...), a colaboración con outros artistas (Mercedes Peón, Fuxan os Ventos, Baiuca, Leilía, Guadi Galego, Xabier Díaz, Radio Cos, Orquestra de Jazz de Galicia, Azougue, Kepa Junquera, Coetus, Jane Joyd...), a participación en espectáculos escénicos (*Ovay*, *O quiosco das almas perdidas*, *Gharbo*, *Ball-Cans*, *O charco de Ulises*...), até diversas publicacións divulgativas (*Pel e madeira*, *Doce polainas enteiras*, *De pano sedán*, *Galeoke*...). Galardoadado en numerosas ocasións é posuidor de tres Premios Martín Códax da Música.



Keka Losada

ASISTENCIA DE DIRECCIÓN

É produtora de eventos de diversa índole, que enfoca a súa vida laboral na organización de festivais galegos, tanto de música como de cinema: Festival de Cans ou Curtocircuito, O Marisquiño, Sinsal SON Estrella Galicia na Illa de San Simón, o WOS, Festival Posidonia SON Estrella Galicia comisariado por Sinsal na Illa de Formentera ou o Festival Infantil CantoConto. Desenvolve todo tipo de tarefas nos distintos festivais nos que traballa: xestión de provedores, coordinación de equipos, hospitalidade de artistas, produción de activacións de patrocinadores...

En canto á súa formación, é titulada pola ESAD de Galicia en Interpretación Textual (2005/09) e técnica superior en Producción de Audiovisuais e Espectáculos; Programa Especializado en Xestión de Festivais do IESIDE e continúa a súa formación estudando o Grao en Comunicación Audiovisual da UVigo.

Como actriz participou en obras de teatro da Compañía Xerpo desempeñando papeis principais en pezas como *Salpicados* ou *Mac... yes, we can*. Así mesmo impartiu clases de teatro na Escola Municipal de Teatro do Porriño e colexios da zona. Para a TVG participou no programa *Equipo de risa* da produtora Elemental Chefs.

Ten traballado no CDG como axudante de produción en diversos espectáculos como *O charco de Ulises* ou *A Peste*.



Jose Díaz

ASISTENCIA DE PRODUCCIÓN

Tras rematar os estudos superiores de produción dedicada unha década á produción e realización audiovisual. En 2007 funda a compañía Voadora, na que produce 22 espectáculos, 11 deles coproducións internacionais con Portugal, Francia, Chile e Brasil. Nela desenvolve ademais un constante traballo como creador, dramaturgo, intérprete e músico.

Compaxina este traballo con servizos de produción para outras compañías, entre as que destaca o Centro Dramático Galego, co que traballa en 6 producións ao longo de 13 anos.

Entre as súas producións escénicas destaca a produción executiva da ópera contemporánea *Je Suis Narcissiste* de Raquel García Tomás para o Teatro Real, Teatre Lliure e Teatro Español, finalista á Mellor Estrea Mundial nos International Opera Awards, así como a produción propia *A amnesia de Clío* de Fernando Buide, primeira montaxe de ópera de gran formato dende había un século en Galicia e en galego.

Combina a produción profesional coa xestión de estruturas para a docencia teatral e o teatro de base en Galicia. Neste campo destacan os proxectos Chá Summer School, campamento teatral internacional para adolescentes no que participa o alumnado e o

profesorado de escolas de teatro de Escocia, Portugal, España e Italia. Premio AUDACIA da Xunta de Galicia a proxectos culturais. Ou máis recentemente o proxecto 5x5, creando 5 aulas teatrais amadoras no rural con máis de 80 participantes dende os 16 ata os 88 anos.

Dende hai 20 anos desenvolve en paralelo unha carreira como compositor facendo a música de máis de 30 espectáculos, cos que gañou en dúas ocasións o María Casares á Mellor Música Orixinal, e entre os que cabe destacar en 2022 a composición e dramaturxia do musical *Twist*, producido polo Teatro Circo Price.

O seu labor dentro de Voadora foi recoñecido co Premio da Crítica de Galicia en 2013. O xurado destacou "o traballo realizado na procura de novos públicos, polas novas formas de produción e pola capacidade de unir diferentes sistemas culturais. Pero tamén pola capacidade de asumir riscos".



www.centrodramatico.gal

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg.salonteatro](https://www.instagram.com/cdg.salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)